

“5 KM POLA IGUALDADE”

II ANDAINA POPULAR

O Concello de O Pino organizará o sábado 28 de novembro a partir das 16:00 horas da tarde, na Área Recreativa de A Magdalena, a **II Andaina Popular “5 KM POLA IGUALDADE”**.

Esta proba entro dentro da laboura e compromiso social do Concello de O Pino na loita pola igualdadee prevención da violencia de xénero a través da práctica do exercicio físico saudable. A proba rexirase polo seguinte Regulamento.

ARTIGO 1. PARTICIPANTES

Debido a normativa covid-19 actual deberán respectarse os peches perimetrais existentes no día da proba para desprazarse a esta andaina.

A idade mínima para poder participar nesta andaina será de 5 anos cumpridas o día da proba. Todas/os as/os menores de 16 anos terán que ir obrigatoriamente acompañadas/os dun adulto.

ARTIGO 2. HORARIOS ELUGAR DE SAÍDA DA ANDAINA

A saída e meta da andainas estará situada na Área Recreativa de A Magdalena, a carón da Ermida da Magdalena.

Ubicación googlemaps



<https://goo.gl/maps/XU7MwLXKLCx6fXDX8>

HORARIOS

HORA	LUGAR	CATEGORIA
16:00 h	Área Recreativa de A Magdalena	COMENZO DA ANDAINA (NON COMPETITIVA)

Establecerase un horario previo de saídas o cal será publicado previamente nas webs www.opino.gal e www.emesports.es.

As/os conviventes poderán realizar a Andaina xuntos cun máximo de 6 compoñentes.

As/os non conviventes sairán de 2 en 2 cada 20 segundos. Deberán manter en todo momento a distancia de seguridade de 2 metros mínimo e levar a mascarilla posta.

ARTIGO 3. INSCRICIÓNS E PRAZO

As inscricións poderán realizarse a través dos seguintes médios:

A través da páxina web www.emesports.es cos seguintes prazos;

A través do email deportes@opino.gal reflexando os seguintes datos OBRIGATORIOS:

- **Nome e Apelidos, data de nacemento, dni (se o/a ten), sexo, localidade de procedencia e se é ou non convivente. Os conviventes deberán remitir no mesmo email a relación de conviventes.**

“5 KM POLA IGUALDADE”

A través do teléfono 981 511 002 (pulsar 5 no teléfono (extensión de servicios sociais).
Deberán dar os anteriores datos.


PRAZOS DE INSCRICIÓN:

CATEGORÍA	PROBA	PREZO	PRAZO
ADULTOS/ESCOLARES	ANDAINA	GRATUITO	Ate o 27 de novembro ás 14.00 horas

ARTIGO 4.PERCORRIDO

O percorrido seguirá unha ruta de 5 km aproximadamente nos arredores da Área Recreativa de A Magdalena.

PLANO DO PERCORRIDO



ARTIGO 5.AGASALLOS

Todas/os os/as participantes recibirán un agasallo pola súa participación na **II ANDAINA POPULAR “5 KM POLA IGUALDADE”**.

ARTIGO 6. RECOLLIDA DE DORSAIS

Realizarase na zona de saída / meta desde ás 15:15 horas e ata 20' antes da saída do derradeiro participante.

ARTIGO 7. FORMULARIO DE RESPONSABILIDADE.

Todas/os as/os participantes deberán presentar o día da proba o documento de responsabilidade asinado presente nas webs www.emesports.es e www.opino.gal.